



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PLATAFORMA REMOLCABLE PARA OS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI. PROPOSTA ECONOMICA

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 12,30 horas do día 14 de novembro 2013, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a Irene Suárez López, o aparelador municipal D. José M^a Melero González, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

1.- Pola Secretaria dase conta da Mesa de Contratación realizada con anterioridade a este acto público, na que indica que, unha vez cumprimentados os requirimentos efectuados, se admiten as dúas empresas presentadas á licitación, que son:

- Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A., con enderezo en Avda. Sant Juliá, 190-192, 08403 Granollers (Barcelona).
- Plataformas Daryat, S.L., con enderezo en B^o Kukullaga, nº 4-baixo, 48450 Etxebarri (Bizkaia) .

2.- Acto seguido se procede pola Presidencia á aperturas das propostas económicas presentadas, que se indican a continuación:

- **Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A., que ofrece:**

Prezo: Orzamento base: 20.800,00€. IVE: 21% : 4.368,00. Total: 25.168,00€.

Prezo de entrega: 4 semanas dende a sinatura do contrato.

Garantía do equipo: 2 anos dende a data de entrega da máquina, en pezas defectuosas de fábrica e man de obra.

- **Plataformas Daryat, S.L, que ofrece:**

Prezo: Orzamento base: 21.860,00€. IVE: 21%: 4.590,60€. Total: 26.450,60€.

Non se inclúe no sobre de Proposta Económica ningunha mellora de garantía nin de prazo de entrega.

VALORACIÓN:

Criterios de adjudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas:

A. "PROPOSICIÓN ECONOMICA. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 60 puntos.

Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - a - \text{oferta} - \text{económica} -$$

Sendo:

V_{in} : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i. Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo *Tipo* o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i.

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde *Tipo* é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa.

2. Melloras e aumento da duración da garantía : Ata un máximo de 10 puntos. De conformidade coas prescriciones técnicas do vehículo, valorarase o aumento dos períodos de garantías indicadas na súa cláusula 7^a.

3.- Mellora no prazo de entrega da plataforma elevadora, ata un máximo de 30 puntos. "

De conformidade co exposto anteriormente, as valoracións serían:

EMPRESA	PREZO	PUNT. (60 P.)	PRAZO ENTREGA	PUNT. (30 P.)	Garantía	Punt.	Puntuación total
Grau Maquinaria i Servei Integral	20.800,00	60	4 semanas	30	2 anos	0	90
Plataformas Daryat	21.860,00	9,52	-----		-----		9,52

Á vista da valoración anterior, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, propor á empresa "**Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A.**", CIF A58486739, con enderezo en Avda. Sant Juliá, 190-192, 08403 Granollers (Barcelona), como adxudicataria do contrato, por ser a proposta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

O APARELLADOR MUNICIPAL

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

Asdo. José M^a Melero González.